



20
22



Memoria
ANUAL



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

EDITA

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG).

Co apoio da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FOTOGRAFÍAS

Cámara Oficial Mineira de Galicia. Empresas membro e socias da COMG. Imaxes seleccionadas dos concursos de fotografía da Escola de Minas e Enerxía Enfoca.RME e MULLE.Rme 2022.

FONTES

Estatística Mineira de España (2020) elaborada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Catastro Mineiro de Galicia.

Instituto Galego de Estatística.

DEP. LEGAL

DATOS DE CONTACTO

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG).


Juana Capdevielle, 2, Edificio ExpoCoruña.
15008, A Coruña.

981 139 663

cmg@camaraminera.org

www.camaraminera.org

ÍNDICE



1 CARTA DO PRESIDENTE	4
2 UN SECTOR VERTEBRADOR	7
A MINARÍA GALEGA, MOTOR DA INDUSTRIA	8
A MINARÍA GALEGA EN CIFRAS	11
3 A CÁMARA	13
SOMOS	14
A NOSA MISIÓN	15
ÓRGANOS DE GOBERNO	16
4 MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA	19
PÁXINA WEB	21
REDES SOCIAIS	22
SEGUNDA XORNADA 'MINERAIS ESTRATÉXICOS PARA A INDUSTRIA GALEGA'	24
5 O EXERCICIO 2022	25
REPRESENTACIÓN DO SECTOR	26
DEFENSA DO SECTOR	33
ASISTENCIA TÉCNICA	38
PATRIMONIO	41
MEDIO AMBIENTE	42
DIVULGACIÓN	44
FORMACIÓN	46
COMUNICACIÓN	48



1



Carta do
PRESIDENTE





JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ
Presidente da Cámara Oficial
Mineira de Galicia.

Carta do **PRESIDENTE**



**UNHA NOVA REVOLUCIÓN
INDUSTRIAL QUE PARTE
DAS MATERIAS PRIMAS**



O 2023 é o noso ano; o de todos, o da Unión Europea. Venceremos o sometemento económico para o que debemos achegar os nosos recursos naturais, materias primas autóctonas obtidas co noso esforzo e traballo, pero, sobre todo, con valores.

Vimos cariacontecidos o que sucedía en 2022: a guerra, as presións globais... Aínda que se manteñen e mesmo melloran as cifras de produción e exportación en sectores como a pedra natural e noutros, sufrimos os problemas da post pandemia, da inflación e da alza descontrolada da enerxía. Facer minaría en Galicia durante 2022 foi difícil. E con todo os nosos socios seguiron investigando e recuperando minerais mantendo uns elevados estándares de calidade, protección ambiental e de sustentabilidade requiridos por unha sociedade comprometida co futuro.

As minas, canteiras e balnearios son un recurso moi valioso na loita contra o cambio climático. Buscamos permanentemente a eficiencia, con ocos e espazos nos que poden desenvolverse proxectos enerxéticos renovables e sumidoiros de CO₂.

Ademais estamos á vangarda da descarbonización da economía, tamén porque somos os que imos achegar os recursos naturais necesarios para a transición enerxética. En paralelo, a COMG está a dar os primeiros pasos como incentivador, auditor e posibilitador de proxectos e transaccións que compensen a pegada ambiental cun dobre obxectivo: incentivar as restauracións mineiras e axudar á competitividade do tecido industrial galego coas compensacións de CO₂.

Somos necesarios para a industria galega e europea, achegando os recursos naturais necesarios para todas as cadeas de valor do noso tecido industrial. Somos transversais, e necesarios en maior ou menor medida.

Con todo, para cumprir con este labor e aproveitar estas oportunidades, é fundamental avanzar en innovación, investigación e desenvolvemento. Debemos seguir traballando en tecnoloxías máis eficientes e sostibles e explorar novas formas de levar ao mercado os recursos naturais. A tecnoloxía e os materiais compostos progresan e temos que modernizarnos para cumprir cos requirimentos, e mellorar o aproveitamento dos materiais extraídos. Por iso a Cámara está a desenvolver na Materioteca, xunto coa Axencia Galega de Innovación, un bo catálogo de recursos naturais, tanto de produtos como de estériles en produción para promover e acelerar a investigación.

Outro dos retos que afrontamos como o resto do tecido industrial é a dispoñibilidade de man de obra. A EME da Universidade de Vigo ten unhas taxas de matriculación e de rendemento bastante baixos, e en canto á formación de técnicos especialistas e superiores, a FP Dual empeza a proporcionar ao mercado as súas primeiras promocións, pero a brecha entre oferta e demanda aínda é grande. Por iso, un gran reto para este ano é o proxecto formativo en convenio coa Dirección Xeral de Formación e Colocación para a formación de traballadores, para tratar de incentivar vocacións e captar man de obra para o sector. Debemos proporcionar unha educación e formación adecuada para garantir que os nosos traballadores sexan competentes nas tecnoloxías máis avanzadas e capaces de adaptarse aos cambios na industria.

Estas liñas de fomento da sustentabilidade, a innovación tecnolóxica e a xeración de emprego de calidade víronse plasmadas nas Axenda Enerxética de Galicia 2030 e a Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030 desenvolvidas pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais en colaboración cos axentes implicados, entre eles a Cámara Mineira.

Desde a COMG recibimos estas Axendas con ilusión e optimismo pero tamén con vixilancia constante sobre a programación e execución de orzamentos para que as empresas desenvolvan proxectos, reciban incentivos e axudas. O sector mineiro de Galicia leva anos esperando este momento: apertura de novos proxectos que cubran as necesidades das nosas industrias, por iso solicitamos unha vez máis simplificación, celeridade e prioridade nas tramitacións de novos concursos e proxectos.





2

Un sector
VERTEBRADOR

A minaría galega, **MOTOR DA INDUSTRIA**



“ **O SECTOR
EXTRACTIVO FORMA
PARTE DA IDENTIDADE
GALEGA DESDE A
SÚA ORIXE. GALICIA É
PEDRA E AUGA.** ”


A minaría na nosa terra asentou as bases da civilización e pode ser o motor de futuro ante o novo paradigma que presentan a dixitalización, a economía circular e os novos sistemas de almacenamento enerxético.

A explotación sostible de recursos propios é a resposta ante a dependencia de terceiros países que controlan os prezos finais e teñen xerado nos últimos anos problemas de subministración para industrias clave de Galicia: TIC, automoción ou construción.

**EN GALICIA CONTAMOS CON 15 DOS 34
MINERAIS MARCADOS COMO ESTRATÉXICOS
POLA UNIÓN EUROPEA. ALGÚNS DELES,
AÍNDA SEN EXPLOTAR NIN INVESTIGAR.**

A MINARÍA É O PRIMEIRO PASO PARA UNHA CADEA DE VALOR COMPLETA EN GALICIA

MINERAIS METÁLICOS



- AERONÁUTICA
- MEDICINA
- ENERXÍAS RENOVABLES
- AUTOMOCIÓN

ÁRIDOS



- EDIFICACIÓN
- DIQUES
- ESTRADAS
- DEPURACIÓN DE AUGAS

ARXILA



- CONSTRUCCIÓN
- BIOCONSTRUCCIÓN
- TERRA BATIDA
- OLARÍA

CUARZO



- PANEIS
- VIDRO
- ELECTRÓNICA

AUGA TERMAL



- COIDADADO DA PEL
- USOS LÚDICOS
- AFECCIÓNS RESPIRATORIAS
- XEOTERMIA

DUNITA



- SECTOR SIDERÚRXICO
- CONSTRUCCIÓN

FELDESPATO



- VIDRO
- CERÁMICA
- AGRICULTURA

GRANITO



- CONSTRUCCIÓN
- ESCULTURAS
- PAVIMENTOS
- MOBILIARIO URBANO

AUGA MINERAL NATURAL



- ALIMENTACIÓN

CAOLÍN



- FABRICACIÓN DE PAPEL
- COSMÉTICA
- PRODUCCIÓN DE PINTURAS

TURBA



- HORTICULTURA
- AGRICULTURA
- TRATAMENTO DE AUGAS
- USOS CIENTÍFICOS

MAGNESITA



- ALIMENTACIÓN ANIMAL
- AGRICULTURA
- INDUSTRIA QUÍMICA

LOUSA NATURAL



- CUBERTAS
- SOLOS
- DECORACIÓN
- REVESTIMENTOS

O PAPEL DOS MINERAIS na sociedade galega

O SECTOR EXTRACTIVO
EMPREGA A MÁIS DE
11.400
GALEGOS E GALEGAS

Trátase dun antídoto contra o abandono do rural, que favorece o desenvolvemento doutras actividades nestas comarcas.

Á CABEZA EN EMPREGO
FEMININO
o **19,3 %**
DOS TRABALLADORES DO SECTOR
SON MULLERES, POR RIBA DA
MEDIA NACIONAL

11 MILLÓNS DE TONELADAS
DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN

O sector extractivo abasteceu á sociedade galega para a creación de infraestruturas: edificación, portos, estradas e redes de ferrocarril. Os áridos por exemplo, foron fundamentais para a chegada do AVE a Galicia.

AS PEMES,
PROTAGONISTAS
DO SECTOR
o **97%** DOS TITULARES DE
DEREITOS DE EXPLOTACIÓN MINEIROS
SON PEQUENAS OU MEDIANAS
EMPRESAS, NA SÚA MAIORÍA DE
CAPITAL GALEGO

LÍDERES nacionais

LÍDER EN MINARÍA SOSTIBLE.
A COMUNIDADE CON MÁIS
EMPRESAS CERTIFICADAS NA
NORMA UNE 22480.


21% DA COTA ESPAÑOLA DO
SECTOR BALNEARIO

66% DA PRODUCCIÓN DE CUARZO

55% DA PRODUCCIÓN DE LOUSA
PARA USO ORNAMENTAL


POSTO **NÚMERO 1** A NIVEL
MUNDIAL EN EXPORTACIÓN DE
GRANITO EN BRUTO

EXPLOTACIÓNS ACTIVAS en Galicia




A MINARÍA GALEGA EN CIFRAS


ÁRIDOS (toneladas)




CERÁMICA (toneladas)



GRANITO (toneladas)




LOUSA (toneladas)







ROCHAS INDUSTRIAIS (toneladas)




MINARÍA METÁLICA (toneladas)



AUGAS MINERAIS (toneladas)



BALNEARIO (toneladas)



3

A
CÁMARA





SOMOS

O presidente e a directora da COMG xunto co Vicepresidente da Xunta de Galicia e os gañadores de Santa Bárbara 2022

A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG) É UNHA CORPORACIÓN DE DEREITO PÚBLICO E UN ÓRGANO CONSULTIVO DA ADMINISTRACIÓN, TUTELADA POLA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA; QUE DESENVOLVE AS SÚAS ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES, COLEXIOS PROFESIONAIS, ASOCIACIÓNS SECTORIAIS, CLÚSTERES E EMPRESAS DA COMUNIDADE MINEIRA.

Somos o altofalante do sector mineiro, a entidade que recolle os intereses públicos e privados para conseguir o mellor e máis sostible aproveitamento dos recursos xeolóxicos co obxectivo de maximizar o seu beneficio para a sociedade.

A COMG está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e ao aproveitamento dos recursos xeolóxicos, desde o seu coñecemento ata a súa posta en valor. Esta entidade representa ao sector industrial dos recursos minerais en Galicia no que se inclúen todos os subsectores:

- AUGAS MINERAIS
- ÁRIDOS
- BALNEARIOS
- CERÁMICA
- GRANITO
- LOUSA
- MINARÍA ENERXÉTICA
- MINARÍA METÁLICA
- ROCHAS INDUSTRIAIS

A nosa MISIÓN

AS FUNCIÓNS DA COMG ESTÁN RECOLLIDAS NO REAL DECRETO DE 23/09/1921 E NO ARTIGO 6 DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR. A CÁMARA É A REPRESENTANTE FORMAL E PORTAVOZ DO SECTOR MINEIRO GALEGO.

Entre as súas actividades máis destacadas atópanse:

- **FOMENTAR O DESENVOLVEMENTO DA INDUSTRIA MINEIRA** e o aproveitamento racional e eficiente dos recursos xeolóxicos.
- **REPRESENTAR, DEFENDER E PROMOVER** os intereses da minaría galega.
- **FOMENTAR A ENSINANZA** da minaría.
- **EXPEDIR CERTIFICACIÓNS E DESIGNAR PERITOS**, resolver conflitos e promover acordos ante problemas relacionados coa minaría.
- **EMITIR INFORMES ÁS AUTORIDADES E PARTICULARES** que o soliciten e propoñer reformas para o desenvolvemento, mellora e fomento da actividade mineira.
- **XESTIONAR O CATASTRO MINEIRO.**
- **PROMOVER A SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL**, a compatibilidade ambiental e a integración territorial paisaxística das actividades mineiras.

Ademais de exercer os seguintes labores:

- **INFORMATIVO:** elaboración e difusión de datos estatísticos, memorias e publicacións divulgativas.
- **FORMATIVO:** organización de cursos, seminarios e xornadas sobre temas de interese para o sector.
- **ASESORAMENTO:** tanto a poderes públicos como a socios ou particulares, sobre os aspectos legais, administrativos e técnicos que afectan ao sector.

O desenvolvemento destas actividades por parte da COMG realízase en colaboración con diversos axentes implicados no sector mineiro galego, especialmente coa Administración mineira de Galicia a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Órganos de GOBERNO

A ORGANIZACIÓN DA COMG ESTÁ RECOLLIDA NO CAPÍTULO II DO SEU REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR E OS SEUS ÓRGANOS DE GOBERNO SON:

ASEMBLEA

Órgano supremo de goberno e representación da COMG. Forman parte del as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do territorio de Galicia.

XUNTA DIRECTIVA

Órgano permanente de xestión, administración e proposta da COMG. Os seus membros (non menos de 10 e non máis de 40) son elixidos entre todo o electorado da COMG, clasificado en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros.

Os cargos de presidente, vicepresidente 1º, vicepresidente 2º, tesoureiro e contador son elixidos polos membros da xunta directiva.

A xunta directiva elixiu o 1 de marzo de 2021 os seguintes cargos:

PRESIDENTE: D. JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ, Strategic Minerals Europe.

VICEPRESIDENTA 1ª: D.ª MÓNICA RODRÍGUEZ LÓPEZ, Porriñesa de Canteiras.

VICEPRESIDENTE 2º: D. JOSÉ ANTONIO VALENCIA, Erimsa.

TESOUREIRO-CONTADOR: D. DIEGO LÓPEZ GONZÁLEZ, Epifanio Campo, S.L.

DIRECTORA: D.ª ARANTXA PRADO SANTIAGO (quen substituíu a D. Miguel Ángel Fortúnez Garea)

SECRETARIO XERAL: D. JULIO CÉSAR VALLE (quen substituíu a D. Miguel Ángel Fortúnez Garea)

DPT. ADMINISTRACIÓN: D.ª EVA BARRIENTOS MURIAS



COMITÉS DA COMG

A COMG conta con grupos de traballo encargados de ámbitos específicos.

COMITÉ **NORMATIVO**

Ten a encomenda de realizar un seguimento da tramitación de novas normas e da implantación daquelas recentemente aprobadas que poidan ter incidencia no sector mineiro galego.

COMITÉ DE **PATRIMONIO**

Ten como función poñer en valor o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia a través de iniciativas de divulgación e promoción.

COMITÉ DE **COMUNICACIÓN**

O seu obxectivo é mellorar o coñecemento e a imaxe social do sector, así como establecer as directrices de comunicación, tanto externa como interna.

COMITÉ DE **SOSTIBILIDADE E INNOVACIÓN**

O seu labor é investigar novas técnicas e accións que fagan a actividade mineira máis eficiente e respectuosa coa contorna, co obxectivo de situar ao sector galego á cabeza da vangarda.

MEMBROS DA COMG

Os membros son aqueles socios da Cámara Oficial Mineira de Galicia, persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades mineiras ou relacionadas coa minaría no ámbito territorial galego, que están ao corrente no pago dos recursos económicos da entidade.

87 MEMBROS NA ACTUALIDADE

5 NOVAS ALTAS DE MEMBROS

Pedra Ingeniería S.L.

Norquality Consultores S.L.

Esqueir

Pivotal Minerals Ltd

EF.Business School



REUNIÓNS DO ANO

ASEMBLEA DA COMG

A reunión ordinaria anual da Asemblea tivo lugar o 7 de abril, celebrada de maneira presencial tras dous anos de pandemia. O encontro reuniu a membros e socios da entidade no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Galicia, en Santiago de Compostela.



Juan José López, Paula Uría e Miguel Ángel Fortúnez na Asemblea

XUNTA DIRECTIVA

Celebradas seis reunións ordinarias en 2022:

- 27 de xaneiro.
- 17 de xullo.
- 17 de marzo.
- 15 de setembro.
- 12 de maio.
- 17 de novembro.



JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ



ARANTXA PRADO SANTIAGO

REUNIÓNS EXTRAORDINARIAS DA XUNTA DIRECTIVA

○ REELECCIÓN DE JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ

O 25 de febreiro, Juan José López Muñoz foi reelixido como presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia en Xunta Directiva Extraordinaria. Unha mostra do respaldo das accións desenvolvidas pola entidade dende que acadase este cargo en marzo de 2021.

○ ARANTXA PRADO SANTIAGO, NOVA DIRECTORA DA COMG

Arantxa Prado Santiago incorporouse como nova directora da COMG. O día 14 de xuño, a Xunta Directiva da entidade, reunida de maneira extraordinaria, validou a súa elección por unanimidade.

A nova directora é licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo e conta cun máster en Dirección e Xestión de RRHH e unha especialización en Asesoramento Financeiro. Chegou á COMG tras unha longa traxectoria no sector da banca e en xestión de equipos e empresas.

Arantxa Prado ten por diante retos e oportunidades, xa definidos pola Xunta Directiva, co obxectivo de dar a máxima visibilidade á COMG, avanzar no recoñecemento e os servizos da entidade; e obter os mellores resultados para o beneficio do sector mineiro, dos seus membros e asociados.

4

**MINARÍA
SOSTIBLE**

DE GALICIA





Minaría Sostible de Galicia

“

**A MINARÍA EN GALICIA
SÓ É VIABLE DE XEITO
SOSTIBLE, POLO QUE O FIN
DA COMG, O FOMENTO DA
MINARÍA, SE CONVERTE
NECESARIAMENTE NO
FOMENTO DA MINARÍA
SOSTIBLE.** ”

A nova minaría desenvolvida nos últimos anos: competitiva, vangardista e respectuosa co medio precisaba dunha voz para ser achegada á sociedade xeral; así foi como en 2019 naceu Minaría Sostible de Galicia por impulso da COMG.

EN MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA PARTICIPAN AS SEGUINTE ENTIDADES:

- Clúster do Granito
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (Universidade de Vigo)
- Clúster da Pizarra de Galicia
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña)
- Asociación Galega de Áridos (Arigal)
- Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos (ICOG)
- Asociación Galega da Propiedade Balnearia
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste
- Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia
- Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense

Durante 2022, terceiro ano da pandemia provocada polo Covid-19, a plataforma non deixou de crecer grazas a unha constante actividade dixital e á aposta polos eventos.



PÁXINA WEB

A principal canle de comunicación de Minería Sostible de Galicia é o sitio web, cunha grande profundidade de contidos para informar sobre as diferentes perspectivas que abrangue o sector mineiro: social, económica, histórica, xeolóxica, etc.


36 NOVOS POSTS.
91.520 VISITAS TOTAIS.
250 VISITAS DIARIAS.

REDES SOCIAIS




3.976
SEGUIDORES
(+45%)

410.800
PERSOAS ALCANZADAS
(-18%)




1.374
SEGUIDORES
(+19%)

32.890
PERSOAS ALCANZADAS
(+80%)



759
SEGUIDORES
(+15%)

61.290
PERSOAS ALCANZADAS
(-28%)



1.063
SEGUIDORES
(+53%)

118.410
PERSOAS ALCANZADAS
(-14%)



CREACIÓN DE NOVOS CONTIDOS

As estatísticas de 2022 amosan un crecemento récord da comunidade e un leve decrecemento do alcance. Para impactar a un número maior de persoas, a finais de 2022 creáronse novos contidos audiovisuais que se publicarán durante 2023.



CAMPAÑA 'DI SI Á MINARÍA SOSTIBLE'

Unha nova campaña de vídeo baseada en 15 entrevistas a persoas que non forman parte da minería galega, pero que si necesitan do sector para poder desenvolver a súa actividade.

Obtivo o respaldo de líderes de opinión en materia social, económica e académica de toda Galicia que expresaron o seu apoio ao sector das materias primas minerais.

CAMPAÑA PARA CHEGAR Á XERACIÓN Z

Así mesmo, elaboráronse novos contidos para chegar á poboación máis nova a través de Instagram e dunha nova conta de TikTok.

Producíronse un total de 15 vídeos sobre as materias primas na vida cotiá, 8 sobre os emblemas de Galicia e os seus materiais de contrución; así como 40 contidos para stories, para que os novos interactúen directamente coa plataforma.





SEGUNDA XORNADA 'MINERAIS ESTRATÉXICOS PARA A INDUSTRIA GALEGA'

TANTO AS EMPRESAS, COMO OS SINDICATOS E A ADMINISTRACIÓN COINCIDIRON EN QUE GALICIA CONTA CON GRAN RIQUEZA DE MATERIAS PRIMAS MINERAIS, O QUE POSICIONA AO TERRITORIO COMO CLAVE NA TRANSICIÓN ENERXÉTICA.

A industria e a minaría son dous vectores inseparables desde o punto de vista da sostibilidade cara a cal camiña o tecido produtivo, polo que, cada vez con maior intensidade, temos que vincular todas as actividades mineiras á propia industria.

O presidente da COMG aproveitou a ocasión para reflexionar acerca de que “foron uns anos convulsos para sectores estratéxicos en Galicia, como o tecnolóxico, o da construción ou o da automoción. As nosas materias primas son o motor destas industrias, a minaría debe ser o punto de partida dunha cadea de valor completa e que non estea suxeita á dispoñibilidade e os custos dos inestables mercados internacionais”.

“É necesaria a colaboración das iniciativas públicas e privadas para a consecución dos obxectivos de transición ecolóxica e dixital”, sinalou Paula Uría. A secretaria xeral de Industria da Xunta de Galicia fixo fincapé en que a minaría é un sector estratéxico para a descarbonización do tecido industrial e que en Galicia téñense a experiencia, o coñecemento e os recursos necesarios para continuar crecendo e innovando.

“

**MÁIS DE 300
ASISTENTES
(ONLINE E
PRESENCIAIS)**

”

VISITA Á ÚNICA MINA DE COLTÁN DO SUR DE EUROPA

A COMG e Strategic Minerals organizaron a visita á única mina de coltán do sur de Europa, que obtivo o pasado ano a concesión da sección C para o seu aproveitamento durante 30 anos.

5

O exercício
2022





REPRESENTACIÓN DO SECTOR

ACCIÓN

REUNIÓN INSTITUCIONAIS

TOTAL: 31

- DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS: **18**
- OUTRAS ADMINISTRACIÓNIS: **13**

PROXECTOS

TOTAL: 137

- **75** ORGANIZACIÓN
- **51** OUTROS
- **11** COMUNICACIÓN

EVENTOS

TOTAL: 56

Ademais do estreito contacto coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, ao longo de 2022 mantivemos diversas xuntanzas con responsables institucionais, de ámbito autonómico e estatal, e asistimos a numerosos foros, xornadas e eventos. O noso obxectivo é trasladar as demandas do sector e outorgarlle a visibilidade que require, ao tempo de tender pontes de colaboración para mellorar o desenvolvemento da nosa actividade tanto en beneficio do sector como do conxunto da sociedade e a industria galega.

ORGANIZACIÓN XUNTO CO GAIN DA XORNADA 'AXUDAS PARA PEMES'



A Cámara Oficial Mineira de Galicia organizou xunto coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) unha xornada online para o sector mineiro galego na que se presentaron as axudas da axencia que están destinadas a impulsar a actividade das pequenas e medianas empresas galegas.

Durante o encontro interviñeron varios membros do GAIN para presentar as liñas de axuda máis importantes, os seus beneficios e a forma de acceder a elas.



'II SIMPOSIO MUJER Y MINERÍA' EN SANTIAGO DE COMPOSTELA



Os días 16 e 17 de xuño celebrouse na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela a segunda edición do simposio nacional 'Mujer y Minería'.

O encontro foi organizado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia, coa colaboración da Cámara Oficial Mineira de Galicia e a plataforma Minaría Sostible de Galicia; e co patrocinio da Xunta de Galicia.

Estas xornadas, que se desenvolveron a través de relatorios e mesas redondas, tiveron como obxectivo recoñecer o papel da muller no sector nos diferentes ámbitos da industria extractiva.

PARTICIPACIÓN NA XORNADA 'A MULLER NA PROFESIÓN DE ENXEÑARÍA DE MINAS' ORGANIZADA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

Juan José López, presidente da COMG, ofreceu un relatorio na segunda xornada 'A Muller na profesión de Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais', un evento organizado pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.

Este evento dá continuidade ao celebrado no ano 2019 sobre a mesma temática. O obxectivo é dar visibilidade e poñer en valor a actividade profesional das mulleres a partir de experiencias persoais.



VIII XORNADA TÉCNICA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL NO EIDO DA SEGURIDADE E A SAÚDE NO SECTOR DOS ÁRIDOS

A Asociación Galega de Áridos (Arigal) celebrou en outubro a súa oitava xornada técnica sobre responsabilidade social no sector dos áridos. A xornada estivo marcada por varios temas estratéxicos para a seguridade e a saúde dos traballadores e traballadoras.

Tras varios relatorios, tivo lugar a mesa redonda 'A importancia da prevención fronte á inhalación do po de sílice cristalina respirable', onde participou Arantxa Prado, directora da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

ASISTENCIA AO ENCONTRO DO CORREDOR ATLÁNTICO

A directora da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Arantxa Prado, e o presidente da entidade, Juan José López; acudiron ao cume do corredor atlántico celebrado en Santiago de Compostela.

Encontro no que participaron os presidentes de Galicia, Alfonso Rueda; Asturias, Adrián Barbón, e Castela e León, Alfonso Fernández Mañueco, e reclamaron xuntos avances no corredor atlántico para o desenvolvemento das rexións do noroes-



te. Un cume na que destacou o acordo entre Administracións de signo político distinto.

Calcúlase que o investimento global necesario para o desenvolvemento da rede ferroviaria debería superar os 7.000 millóns de euros, cunha partida de 2.500 millóns de euros para próximos anos en obra civil, para a cal serán imprescindibles os materiais mineiros de Galicia.



SINATURA DA ALIANZA INDUSTRIAL GALEGA DO HIDRÓXENO VERDE

A Alianza industrial galega do hidróxeno verde foi presentada o pasado 21 de decembro co obxectivo de converter a Galicia en referente internacional neste ámbito.

O acto tamén contou con representación da Cámara Oficial Mineira de Galicia, a través do seu

presidente, Juan José López Muñoz. Desde a COMG aplauden esta iniciativa que supón unha oportunidade para Galicia para situarse na cabeza da innovación, a descarbonización e a dinamización do tecido industrial da comunidade.



PARTICIPACIÓN NO CONGRESO NACIONAL DE ÁRIDOS

Oviedo foi o lugar escollido para celebrar a sexta edición do Congreso Nacional de Áridos, organizado pola Federación de Áridos (FDA), unha cita que reuniu preto de 800 congresistas provenientes de case quince países no Palacio de Congresos.

A Asociación Galega de Áridos (Arigal), que representa ao sector galego dos áridos, con 52 empresas asociadas e 24 adheridas, colaborou na organización do congreso.

COLABORACIÓN NA I XORNADA DE SEGURIDADE DIXITAL: CIBERSEGURIDADE E DEFENSA

O evento, organizado pola USC e o seu Máster propio en Ciberseguridade e Ciberdefensa, celebrouse en Santiago de Compostela e estivo centrado na seguridade dixital e a súa importancia no contexto actual das empresas.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia colaborou nesta xornada na que Norquality, membro da COMG, foi patrocinadora.

PARTICIPACIÓN NA REUNIÓN DO PADROADO DA **FUNDACIÓN MINARÍA E VIDA**



A COMG participou na última reunión da Fundación Minería e Vida como padrón da entidade.

A Fundación Minería e Vida ten como obxectivo poñer en valor as materias primas minerais ante a sociedade, as autoridades públicas e o resto de interlocutores sociais. A COMG participa, do mesmo xeito que o resto de actores da

industria extractiva que forman parte da fundación nacional, da misión de levar a cabo actuacións que fagan compatible a industria das materias primas co progreso sostible económico e social, e que garantan a saúde dos traballadores e cidadáns, e impulsen o coñecemento da industria española das materias primas de rochas e minerais.

A COMG E GAIN SEGUEN DANDO PASOS PARA POÑER EN **VALOR AS MATERIAS PRIMAS MINERAIS DE GALICIA**

Os representantes da Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Axencia Galega de Innovación, que desde hai un ano forma parte do Comité de Innovación e Sustentabilidade da entidade, traballan xuntos nun convenio común.

O principal fito resultante deste convenio de colaboración é o 'Catálogo de materias primas de Galicia', un proxecto destinado a catalogar e promocionar os recursos minerais dos que dispoñemos en territorio galego. Este catálogo será o xerme de futuros proxectos de I+D+i para aumentar a cadea de valor en Galicia.

Esta iniciativa incluírase dentro da Materioteca de Galicia, unha exposición e arquivo de materiais que buscan estimular a innovación intersectorial a través de materiais dirixidos a desenvolver produtos e solucións de alto valor engadido.



A COMG FORMA PARTE DOS SEGUINTES GRUPOS E ENTIDADES:

- A Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- O Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito.
- O Consello Galego de Economía e Competitividade da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- A Comisión de Apoio Técnico-Científico de Minas de San Finx.
- O Comité Científico e o Comité Económico e Social de Montañas do Courel
- A Rede Europea de Minas e Canteiras Sostibles.
- A Plataforma Tecnolóxica Española de Tecnoloxías Ambientais (PLANETA).
- A Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro.
- The International Committee for the Conservation of the Industrial Heritage (TICCIH).
- A Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente (ENVITE).
- A Asociación para o Progreso da Dirección. Comité UNE/CTN22 Gestión Minera Sostenible.
- A COMG é membro do comité de UNE sobre minaría e explosivos, incluído o Subcomité Técnico de Normalización SC3 'Gestión minera sostenible'.
- A Fundación Minería y Vida.
- European Raw Materials Alliance (ERMA)



DEFENSA DO SECTOR


Dentro das funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), que están recollidas nos artigos 5 e 6 do seu Regulamento de Réxime Interior, está a de “propoñer reformas legislativas que contribúan ao fomento da minaría”.

Para iso, unha das principais actividades da xunta directiva, dos comités de traballo e do equipo técnico durante 2022 foi a defensa dos intereses da minaría diante dos distintos reguladores. A COMG mantén un contacto continuo e estreito coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, que como Administración mineira é o seu órgano tutelar. Así mesmo mantén un seguimento constante das actividades doutras administracións que poden afectar á actividade, como a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; así como coas administracións locais.

MONITORIZACIÓN DA ACTIVIDADE LEGISLATIVA

Os poderes públicos xeran ao longo do ano un elevado volume de decretos, regulamentos e leis que afectan á actividade extractiva.

Para realizar un seguimento da actividade dos reguladores, a COMG destina importantes recursos técnicos e humanos. O equipo técnico da COMG destinou durante 2022 máis de 200 horas de traballo a recolectar información dos distintos soportes de comunicación pública, como o Diario Oficial da Unión Europea, o Boletín Oficial do Estado (BOE), o Diario Oficial de Galicia (DOG), así como os Boletíns Provinciais (BOP) das catro provincias. Tras este meticuloso labor de monitorización da actividade legislativa, a COMG procede a tomar as medidas necesarias para a defensa dos intereses do sector. Infórmase ao Comité de Normas, para que analice os textos legais e emita recomendacións á xunta directiva.



APOIO Á REDACCIÓN DA AXENDA DE IMPULSO DA MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia participou no Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro para axudar a deseñar a actual Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030.

A Xunta de Galicia alíñase cos obxectivos do sector mineiro galego para facer deste un aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industrial.

Este documento enfócase en accións ao redor de obxectivos estratéxicos: a modernización e crecemento do sector de maneira sostible; o fortalecemento do talento humano e a responsabilidade social; así como a procura da integración ambiental, o impulso da economía circular e a posta en valor do patrimonio.

A COMG PARTICIPOU NA CONSULTA PÚBLICA DA NOVA LEI DE MINAS QUE ESTÁ A DESENVOLVER O GOBERNO CENTRAL

Trátase dunha medida prevista na 'Hoja de ruta para la gestión sostenible de las materias primas minerales', aprobada o pasado mes de agosto e en cuxa consulta tamén participou esta entidade. Un proxecto para dar resposta á ameaza real dunha nova xeopolítica de materias primas co apoio a unha actividade extractiva sostible en España.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia traballou xunto co resto de entidades que representan ao sector extractivo en España para emitir os seus comentarios, propostas e alegacións ao borrador da nova Lei de Minas que modificará a Lei 22/1973, co obxectivo de dar resposta ás necesidades da transición ecolóxica e á autonomía do país.



OBSERVACIÓNS Á **AXENDA ENERXÉTICA 2030**

Como membro do Comité Executivo da Enerxía, en colaboración coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, a COMG participou na elaboración da Proposta da Axenda Enerxética de Galicia 2030 mediante as súas observacións ao texto.

A entidade participa desta maneira en temas transversais á súa actividade. Entre as observacións emitidas atópase a necesidade de incluír ás actividades extractivas dentro das axudas e as actuacións de fomento e aforro enerxético. Ademais, propónse o fomento do autoconsumo nas empresas, e que se presten axudas para a implantación das instalacións necesarias para alcanzar o aforro enerxético e reducir a dependencia.

OBRIGAS DE INFORMACIÓN PÚBLICA E SINALÉTICA DAS **INSTALACIÓNS TERMAIS**

A COMG elaborou alegacións ao Proxecto de Orde do Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, pola que se aprobou o contido dos deberes de información pública e sinalética das instalacións termais autorizadas ao amparo da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.






CARTA DE APOIO AO **PROXECTO RIS BRIEFCASE (RAW MATERIALS ACADEMY)**

O proxecto Briefcase, levado a cabo polo EIT Raw Materials, é unha nova ferramenta educativa que utiliza estratexias de aprendizaxe práctica para ensinar aos estudantes a importancia das materias primas mineiras na vida cotiá. A COMG amosou o seu apoio a este proxecto divulgativo.

ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE ITCs AO **REGULAMENTO DE SEGURIDADE MINEIRA**

A Cámara Oficial Mineira de Galicia presentou alegacións e observacións á proposta de Instrucións Técnicas Complementarias e especificacións técnicas no desenvolvemento do borrador de Regulamento de Seguridade Mineira.

**DEREITOS/
EXPLOTACIÓNS
MINEIRAS
ACTUALIZADOS
EN 2022:
134**



RESPOSTA Á SOLICITUDE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DA **ESTRATEGIA GALEGA DE INFRAESTRUTURA VERDE**

A Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas é o documento de planificación estratéxica que regula a implantación e o desenvolvemento da Infraestrutura Verde en Galicia, establecendo un marco administrativo e técnico harmonizado para o conxunto do territorio español.

A Estratexia concibe a Infraestrutura Verde como unha rede ecoloxicamente coherente e estratexicamente planificada de zonas naturais e seminaturales e doutros elementos ambientais, deseñada e xestionada para a conservación dos ecosistemas e o mantemento dos servizos que nos provén, como a actividade mineira en todas as súas fases ata a restauración final.

INFORME DA **LEI DE MINAS DE GALICIA**


A COMG emitiu un informe á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais sobre a Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minería de Galicia (LOMINGA). Esta norma constitúe a lexislación propia da Comunidade Autónoma en materia de minas e desenvolve o réxime xurídico das actividades mineiras en Galicia en condicións de sustentabilidade e seguridade.

Neste informe analizáronse os principais puntos de norma, así como as necesidades de adaptar a lei ás novas necesidades da industria.


ASISTENCIA TÉCNICA

DEFENSA DO SECTOR E ASISTENCIA TÉCNICA

CONSULTAS



DOCUMENTOS EMITIDOS



A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) cumpre unha función básica no sector da minaría en Galicia achegando información útil e actualizada sobre todos os aspectos legais, administrativos e técnicos que rodean á minaría. A COMG atende consultas formuladas tanto polos seus socios, como pola Administración, empresas mineiras, entidades relacionadas coa minaría, particulares concernidos e medios de comunicación.

MANTEMENTO DO CATASTRO MINEIRO DE GALICIA



A finais de 2021, a COMG publicou unha nova web con novos contidos ao redor do Catastro Mineiro de Galicia. Entre as melloras, incorporouse un sistema de procura máis simple para o visor, a través de seccións, zonas xeográficas ou estado dos dereitos.

Esta é unha ferramenta de apoio á planificación mineira e ordenación do territorio, que ten por

obxecto favorecer o aproveitamento ordenado e eficiente dos recursos mineiros, así como facilitar a harmonización e compatibilización da minaría con outros usos do solo.

Para o seu mantemento técnico, a COMG destinou en 2022 máis de 1.000 horas do seu persoal para a actualización constante da súa base de datos.

APOIO NA IMPLANTACIÓN DAS NORMAS UNE DE XESTIÓN MINEIRA SOSTIBLE

Durante 2022 foron moitas as empresas mineiras galegas que decidiron dar un paso máis aló no compromiso coa sostibilidade e implantaron as normas UNE 22480 e UNE 22470 de Xestión Mineira Sostible, renovadas en 2019.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia impulsa o desenvolvemento destas implantacións a través dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia. As empresas que acadaron este recoñecemento durante o ano foron:

- Tejas Vereá
- Minera de Rocas
- Canteras de Richinol
- Canteras del Arenal
- Epifanio Campo
- Prebetong Lugo



GALICIA, LÍDER NACIONAL EN MINARÍA SOSTIBLE

Galicia é un referente en canto a minaría sostible: o compromiso do sector coa sustentabilidade ambiental, económica e social vai máis aló da normativa esixida pola lei. Así o demostran as 15 empresas galegas certificadas ou en proceso de certificación na Norma UNE 22480, que representan o 60% total de empresas nacionais.

A Norma 22480: 2019 é un Sistema de Xestión Mineira Sostible cuxa implantación nunha empresa funciona como un sistema de excelencia, o que supón un aval de sustentabilidade e xera confianza tanto no radio de acción da actividade como no consumidor final. A minaría galega desenvólvese en contornas rurais polo que este compromiso co medio ambiente, a comunidade e a economía local é clave.

“A implantación desta norma axúdanos a ser máis sostibles, favorecendo a mellora continua, pero sobre todo fainos máis transparentes”, declara Juan José López Muñoz, presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia.





PATRIMONIO

APOIA Á POSTA EN VALOR DAS MINAS DE ESTAÑO E VOLFRAMIO DE MARCO DOS VALENTÉS EN OURENSE

O concello de Sarreaus, en Lodoselo (Ourense) ten un rico patrimonio industrial e mineiro. Por iso, desde o Centro de Desenvolvemento Cultural de O Viso está a facerse un labor de recompilación de testemuños dos habitantes da zona que traballaron nas minas.

A intención é que non se perda a memoria mineira asociada a este concello e por iso, empezouse a construír tamén un museo denominado 'Casas da Memoria'. Un proxecto que a Cámara Oficial Mineira de Galicia apoiará en 2023 e polo que xa mostrou o seu interese, coa visita á zona da directora da entidade, Arantxa Prado.



MEDIO AMBIENTE

INVENTARIO DE ESPAZOS MINEIROS CONTRA **A SECA E OS INCENDIOS**

Os incendios e o desabastecemento de auga foron un dos principais problemas que sufriu o noso país durante 2022. Por iso, a Cámara Oficial Mineira de Galicia lanzou a iniciativa de facer un inventario de todas as balsas de auga e mananciais, procedentes da explotación, restauración e investigación mineiras.

Así, Juan José López, presidente da COMG, explica que “a día de hoxe, a Cámara Oficial Mineira de Galicia é a xestora do Catastro Mineiro de Galicia, onde xa hai un pre-avance dos reservorios dispoñibles, aínda que non se coñecen os metros cúbicos”.



PROXECTO DE **ABSORCIÓN DE CO₂**

A Cámara Oficial Mineira de Galicia está a dar os pasos nun innovador proxecto de absorción de CO₂. Un dos principais puntos desta proposta é a utilización de restauracións mineiras como sumidoiros de carbono.

As restauracións mineiras baséanse na recuperación ecolóxica do espazo e no desenvolvemento de oportunidades para necesidades concretas. No caso das restauracións mineiras vencelladas á descarbonización da contorna, trátase de aproveitar masas forestais, reconstrución de chans e a auga de lagoas mineiras como sumidoiros de dióxido de carbono.

Para levar a cabo esta iniciativa, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e Inproyen Consulting, grupo internacional de consultoría ambiental que pertence como membro á COMG, asinaron un convenio de colaboración para fomentar a sustentabilidade do sector mineiro mediante a regulación das emisións de efecto invernadoiro.

Identificaranse e certificaranse os proxectos individuais, e transaccionaranse con empresas galegas que necesiten compensar a súa pegada de carbono. Equilibrando desta maneira o coidado do medio ambiente e desenvolvemento da industria. A COMG actuará como incentivador de proxectos, de auditor e de posibilitador de transaccións.



DIVULGACIÓN

IMPULSO DO COÑECEMENTO DA MINARÍA SOSTIBLE NAS AULAS

A TRAVÉS DE LA VOZ DE LA ESCUELA

La Voz de Galicia difundiu desde outubro a través do seu suplemento La Voz de la Escuela contidos pedagóxicos sobre xeoloxía e minaría. O proxecto, impulsado pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, estendese de maneira periódica durante todo o curso escolar.

Estes contidos están pensados para estudantes de 5º de Primaria a 2º de Bacharelato. Os profesores subscritos a este suplemento poderán compartir co alumnado contidos relacionados co uso dos mine-rais na vida diaria, a xeoloxía, a importancia da minaría como actividade tractora no rural, etc.



AXENDA ESCOLAR MINEIRA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia, a través da plataforma Minaría Sostible de Galicia, e grazas á colaboración de varios dos seus membros e socios, editou e publicou a 'Axenda escolar mineira 2022'.

Esta axenda, onde os estudantes poden apuntar as súas tarefas e exames, tamén lles resulta útil para adquirir coñecementos sobre a xeoloxía de Galicia e a minaría sostible levada a cabo no noso país, e sobre todo na súa contorna próxima.

O éxito foi rotundo: a tirada de 1.000 exemplares esgotouse en todos os quioscos galegos. Por outra banda, as empresas que colaboraron coa edición da axenda tamén repartiron axendas de maneira gratuita en centros educativos próximos ás súas explotacións e fábricas, facendo máis comprensible o seu traballo do día a día, tanto a profesores como a alumnos. Máis de 2.000 escolares dispoñen xa desta axenda.



FORMACIÓN

CURSOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

214 alumnos beneficiáronse dos cursos de formación preventiva para traballadores do sector mineiro impulsados pola COMG. Todos os cursos teñen carácter gratuíto, xa que están subvencionados polas axudas do Ministerio de Transición Ecolóxica e o reto demográfico.

Este foi o persoal formado durante 2022:

A CORUÑA: 111

LUGO: 78

PONTEVEDRA: 14

OURENSE: 11

A COMG fomenta o ensino da minaría e a cualificación dos profesionais do sector, tanto a través da formación regulada como de accións formativas puntuais. O obxectivo é garantir unha constante actualización dos coñecementos precisos -especialmente no ámbito da prevención- para que os traballadores do sector exerzan os seus labores con seguridade e eficiencia, adaptándose ás técnicas máis modernas que ofrece a Industria 4.0. A COMG mantén unha estreita colaboración coas universidades galegas e, en especial, coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo.



CONVENIO CON EF BUSINESS SCHOOL PARA A FORMACIÓN DO SECTOR MINEIRO

En 2022, a COMG e EF Business School asinaron un convenio de colaboración para potenciar a formación dentro do sector mineiro. O obxectivo é dobre: capacitar aos traballadores e traballadoras xa vencellados coa minaría e facer máis fácil o acceso a esta industria a persoas desempregadas.

Os cursos que verán a luz este 2023 abranguen múltiples áreas relacionadas coa xeoloxía, a seguridade, os traballos técnicos, a dixitalización, etc. Un catálogo formativo enfocado á modernización do sector mineiro.

FORMACIÓN UNIVERSITARIA

A COMG participa de forma estreita na vida universitaria galega, en especial con dúas institucións, o Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, adscrito á Universidade da Coruña, e a Universidade de Vigo, principalmente coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

COORDINACIÓN CON ASOCIACIÓNS SECTORIAIS E COLEXIOS PROFESIONAIS

En constante comunicación coas asociacións sectoriais e colexios profesionais, colabórase, promócióname e dáselle difusión a todos aqueles cursos ou xornadas organizadas por estas entidades, para que poidan ser aproveitadas por todos os traballadores do sector.




COMUNICACIÓN

CELEBRACIÓN DOS PREMIOS SANTA BÁRBARA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia entregou o 2 de decembro en Santiago de Compostela os premios Santa Bárbara, nunha xornada que reuniu á comunidade mineira galega con motivo da celebración da festividade da súa patroa.

OS PREMIADOS

- O premio Traxectoria recaeu sobre Cándido Novoa Castro, falecido a comezos de 2023 e fundador no 1971 de Graveras Castro. Ao longo da súa andanza promoveu os métodos de extracción nas areeiras galegas.
- O premio Comunicación foi outorgado ao Grupo El Progreso, polo seu labor de comunicación ao longo do ano, con artigos que tratan de aproximar a minaría sostible e a investigación xeomineira do noso territorio á sociedade.
- O premio Minaría Sostible recaeu sobre Prebetong Lugo, polo seu compromiso coa calidade e o respecto polo medio ambiente.



PÁXINA WEB

O sitio web da COMG é unha ferramenta que serve como canle de comunicación para manter informados aos profesionais do sector extractivo, así como ventá para expoñer á sociedade as diferentes accións da entidade.

Ademais das diferentes seccións que se actualizan tendo en conta o calendario da Cámara, no blog do sitio web xéranse constantemente contidos de interese para os membros en galego e en castelán.

Este último ano foron publicados un total de 82 posts.

REDES SOCIAIS

Os perfís de LinkedIn, Twitter e Facebook da Cámara son concibidos como lugares de interacción coa comunidade mineira e con todas aquelas persoas relacionadas de forma indirecta co sector. Durante 2022, estas redes sociais incrementaron o seu número de seguidores e o seu impacto.

Novos seguidores:



FACEBOOK:
241 (+51)



TWITTER:
287 (+61)



LINKEDIN:
1.262 (+437)



Cámara Oficial Mineira de Galicia

DATOS DE CONTACTO:

Rúa Juana Capdevielle, nº 2.
(Edificio Expocoruña)

981 139 663

cmg@camaraminera.org

CO APOIO DE:



XUNTA
DE GALICIA